

Reclamación e/ou Segunda Corrección

Sobre a cualificación outorgada de cada materia despois da primeira corrección e no prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación das cualificacións, cada estudante poderá presentar solicitude de:

- Reclamación
- Segunda corrección

As solicitudes de reclamación e segunda corrección poderán presentarse no lugar de entrega e recollida de documentación (LERD) no cal se entregou a solicitude de matrícula para a proba de Avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, empregando os impresos específicos a tal efecto, ou a través da aplicación informática NERTA, non sendo preciso neste caso a entrega das solicitudes nos LERD.

1. Reclamación:

Unha vez publicadas as cualificacións provisionais, o alumnado poderá presentar unha solicitude de reclamación ante o presidente do Tribunal da Comisión Organizadora das probas de Avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, sobre a cualificación outorgada a cada unha das materias das que se fixese exame naqueles exercicios nos que se considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais de avaliación e/ou específicos de corrección.

Os exercicios sobre os que se solicite reclamación serán revisados co obxecto de verificar que todas as cuestións fosen avaliadas cunha correcta aplicación dos criterios xerais de avaliación e/ou específicos de corrección, así como a comprobación de que non existen erros materiais no proceso de cálculo da cualificación outorgada.

A cualificación definitiva da materia ou materias obxecto da reclamación será a que resulte do antedito proceso de revisión, sempre que esta sexa superior á outorgada na primeira corrección, agás nos casos de erros materiais de cálculo da cualificación, no que a cualificación será a que resulte do cálculo correcto.

A presentación de reclamación excluírá a posibilidade de solicitar a segunda corrección.

Reclamacións	XUÑO	SETEMBRO
Prazo de solicitude	17-20 (ata as 14.00h) xuño	22-26 (ata as 14.00 h) setembro
Resolución	21 xuño	27 setembro

2. Segunda corrección:

Publicadas as cualificacións provisionais, o alumnado poderá presentar, ante o presidente do Tribunal da Comisión Organizadora das probas de Avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, solicitude dunha segunda corrección dos exercicios nos que se considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais de avaliación e/ou específicos de corrección.

Os exercicios sobre os que se presente unha solicitude de segunda corrección serán corrixis por un profesor ou profesora especialista distinto ao que levou a cabo a primeira corrección.

A cualificación resultará da media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas correccións. No suposto de que existise unha diferenza de 2 ou máis puntos entre as dúas cualificacións, o tribunal efectuará, de oficio, unha terceira corrección. A cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións.

Este procedemento efectuarase no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de finalización do prazo establecido anteriormente.

Sobre a cualificación outorgada despois do proceso de segunda corrección, o estudante poderá presentar reclamación ante o presidente do Tribunal da Comisión Organizadora das probas de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, no prazo de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación da resolución da segunda corrección. A cualificación definitiva será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior a outorgada na segunda corrección.

2ª Corrección	XUÑO	SETEMBRO
Prazo de solicitude	17 – 20 (ata as 14.00h) xuño	22 – 26 (ata as 14.00 h) setembro
Resolución	21 xuño	27 setembro
Solicitude de reclamación	23 – 27 (ata as 14.00h.) xuño	29 setembro – 3 outubro (ata as 14.00 h)
Cualificacións definitivas	28 xuño	4 outubro

3.- Outros recursos:

Contra a resolucións adoptadas pola Comisión Organizadora, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, no prazo dun mes, *recurso potestativo de reposición* perante a propia comisión. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso potestativo de reposición.